


O GALEGO CAMPA  
Dinamización lingüística nos campamentos de verán



## MÓVETE E CANTA

**Tipo de actividade:**

Actividade de distensión.

**Idade:** De 9 a 14 anos.

**Participantes:** Actividade en grupo.


**Duración:** 30 minutos.

**Materiais:**

–CD *Desaparafusador de gominola*.

**Obxectivos:**

- Ampliar as habilidades de comunicación oral en lingua galega.
- Reforzar a cohesión grupal a través do xogo lúdico.



## DESENVOLVEMENTO

As persoas participantes sentarán formando un círculo para cantaren a canción "O Queixo e o Pan". O monitor ou monitora indícalle ao grupo que a cante de novo pero, desta vez, pedímoslles ás rapazas que, cando canten a palabra Queixo, chimpanen coma se fosen canguros. Pedímoslles tamén aos rapaces que se agachen e salten como se fosen ras cando apareza o nome de Pan. Pode ser aconsellable repetir o xogo varias veces ata que se dean movido e cantado con xeito, xa que resulta divertido e complicado acompañar a palabra da canción cos movementos.

## OBSERVACIÓNS

Podemos ter de apoio a letra da canción e escoitala previamente e incluso reproducila no mesmo momento no que grupo está a cantar.

Para dificultar a dinámica podemos engadir outro movemento máis con outra palabra da canción; por exemplo, con nome de Can as rapazas teñen que saltar imitando os canguros e, ao mesmo tempo, tocaren o nariz; cando digan o nome de Burro os rapaces teñen que saltar coma se fosen ras e tirar por unha orella...

No web [www.xunta.es/linguagalega/o\\_galego\\_campa](http://www.xunta.es/linguagalega/o_galego_campa) están descargables as letras das cancións, as fichas de actividade e os materiais complementarios. O web inclúe, ademais, un espazo de participación.